

Síntese dos criterios de avaliación e cualificación 1º Bacharelato

<i>Tipo de proba</i>	<i>Contribución á nota trimestral</i>
Conceptuais (exames orais ou escritos, traballos,...).	15%
Actitudinais (actitudes, valores, normas,...).	35%
Procedimentais (exames e probas prácticas, xestión de actividades fóra do horario da materia,...).	50%*
Puntuación adicional por trimestre: ata 2 puntos (elemento reforzador da atención á diversidade e de actitudes e valores (colaboración, normas (puntualidade, indumentaria,...), participación en actividades fóra do horario lectivo da materia,...)).	

A aportación á **nota final** da materia das cualificacións trimestrais será a seguinte:

- ☐ 1ª avaliación: 20%
- ☐ 2ª avaliación: 30%
- ☐ 3ª avaliación: 50%

Consideracións sobre a avaliación, cualificación e promoción:

- Para seren superadas, nas probas teóricas e prácticas deberase acadar como mínimo un **4,5** sobre **10**.
- O alumnado con incapacidade para a práctica da actividade física, xa sexa temporal ou crónica, deberá aportar un informe médico da doenza. Deberá asistir ás clases e facer o que lle sexa posible, no caso de non poder realizar ningunha práctica, atenderá ó mandato do profesor ou profesora. Naquelas actividades que non puidese desenvolver, deberá traballar os contidos teóricos correspondentes. A avaliación nestes casos será sobre o grao de participación e esforzo nas sesións, e sobre as probas teóricas, tanto as ordinarias do resto da clase como as complementarias que se lle poidan propoñer en cada avaliación.
- O redondeo aplicado nas cualificacións anual e trimestral será ó número enteiro superior cando os decimais estean entre **0,5** e **0,99** e manterase o número enteiro sen decimais nos restantes casos.
- O alumnado coa materia suspensa unha vez finalizada a 3ª avaliación, realizará actividades de recuperación no período que vai dende a avaliación final ordinaria ata a extraordinaria.

-Cualificación na avaliación final:

A cualificación será a media ponderada das notas das tres avaliacións trimestrais.

Para o alumnado que non acadou o **4,5** na media das avaliacións a nota será a actualización de dito cualificación cos resultados das probas e do rendemento nas sesións do período comprendido entre a avaliación final ordinaria e a extraordinaria. De non ser a nota resultante superior á precedente, manterase esta última.